



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Literatura, Cultura e Identidade | Código | 613584121 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016) | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Fernandez Perez-Sanjulian, Carme | Correo electrónico | carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es | |
| Profesorado | Fernandez Perez-Sanjulian, Carme | Correo electrónico | carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es | |
| Web | http://www.udc.es/filo/MLCD.html | | | |
| Descrición xeral | Aproximación ao estudo da expresión da identidade nas súas diferentes formas: nacional, étnica, social, persoal etc., tanto nos textos literarios, como noutros ámbitos da representación cultural e visual. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural |
| A2 | Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural |
| A3 | Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais |
| A4 | Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos |
| A6 | Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués |
| A8 | Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma |
| A9 | Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos |
| A12 | Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais |
| A13 | Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais |
| A14 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais |
| B4 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida |
| B5 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B6 | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse |
| B7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe |
| B8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| B10 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C1 | Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva |
| C2 | Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos |
| C4 | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade |
| C5 | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos |
| C6 | Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares |
| C7 | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador |



| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|--------------------------|---------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre a identidade. | AM1 AM2 AM4 AM6 AM8 | BP2 BP3 BP4 BP5 | CM2 CM4 CM5 C11 |
| Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos. | AM3 AM4 AI1 | BP2 BP5 BP7 | CM1 CM5 CM6 C11 |
| Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia. | AM1 AM2 AM4 AM6 AM8 AM9 AI2 AI3 | BP3 BP4 | CM2 CM5 CM6 C11 |
| Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas no análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo | AM1 AM2 AM3 AM4 AM6 AM8 AM9 AI1 AI2 AI3 | BP1 BP2 BP3 BP5 | CM2 CM4 CM5 CM6 C11 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Discursos e procesos de construción e representación identitaria na literatura. | 1.1. A configuración literaria da nación: o repertorio temático identitario 1.2. Espazo público e (re)presentación do grupo letrado |
| 2. Narrativa e construción nacional | 2.1. Recuperación ficcional da historia e discurso identitario: Ramón Otero Pedrayo, Os camiños da vida 2.2. Ricardo Carvalho Calero, consolidación dos referentes identitarios e representación do núcleo simbólico da nación: d'A gente da Barreira a Scórpio |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A1 A3 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5 | 2 | 20 | 22 |
| Sesión maxistral | A13 A1 A2 A4 A6 A8 A9 A12 B8 C2 C4 C7 C5 | 6 | 6 | 12 |



| | | | | |
|---------------------------------------|---|---|----|----|
| Traballos tutelados | A13 A1 A2 A3 A4 A6 A14 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B10 C1 C6 | 0 | 16 | 16 |
| Obradoiro | A13 A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6 | 6 | 8 | 14 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A1 A2 A3 A6 A14 A8 B5 B7 B8 C2 C5 | 3 | 6 | 9 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado na aula e no encontro científico. |
| Sesión maxistral | Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia. |
| Traballos tutelados | Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento. |
| Obradoiro | Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistrais coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Ao longo do curso será recibido un/unha investigador/a externo cuxa visita será preparada colectiva e individualmente para realizarmos un encontro científico fructífero. |

| Atención personalizada | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos Lecturas Sesión maxistral Traballos tutelados | A profesora encargarse de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro. |

| Avaliación | | | |
|---------------------------------------|---|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Obradoiro | A13 A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6 | Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc. | 20 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A1 A2 A3 A6 A14 A8 B5 B7 B8 C2 C5 | O alumnado deberá participar activamente con preguntas e/ou reflexións no encontro co/a investigador/a invitado/a. | 10 |
| Lecturas | A1 A3 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5 | As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico. | 10 |
| Traballos tutelados | A13 A1 A2 A3 A4 A6 A14 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B10 C1 C6 | O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva. | 60 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Anderson, B. (1993)[1983]: Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo. México, F.C.E. Beramendi, Justo (2007). De provincia a nación. Historia do galeguismo político. Vigo: Xerais. Biscainho Fernandes, C. C. / Sánchez Rei, X. M. (2011): Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación (A Coruña: UDC). Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2003): A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. (Vigo: A Nosa terra). Figueroa, A. (2001). Nación, Literatura, Identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia (Vigo: Xerais). García Negro, M^a P. (1997): "Presentación", en Carvalho Calero, R. / Marinho del Valle, J., A gente da Barreira / Teatro: 9-13 (Vigo: A Nosa Terra). López, T. / Salinas F. (2002): Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século (A Coruña: AS-PG-UDC). Rodríguez, J. L. (ed.): Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero (Santiago de Compostela: parlamento de Galicia-USC). Romero López, Dolores, coord. (2006). Naciones literarias. Barcelona / Madrid: Anthropos / Universidad Complutense. Salinas Portugal, F. (2003): "Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional", en Salinas Portugal, F. / Tavares Maleval, M^a A. (orgs.): Estudos Galego-Brasileiros (A Coruña: Servizo de publicacións da Universidade da Coruña): 241-256. Salinas Portugal, F. (2006): "Os contornos da identidade", en Salinas Portugal, F. / Tavares Maleval, M^a A. (orgs.) (2006): Estudos Galego-Brasileiros 2 (A Coruña: Servizo de publicacións da Universidade da Coruña): 349-364. Thiesse, Anne M. (2001): La création des identités nationales. Europe XVIIIe-XXe siècle (Paris: Seuil). Villares, R. (2018): Fuga y retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista. Vigo, Galaxia. Obras de lectura obrigada: Ramón Otero Pedrayo: Os camiños da vida Ricardo Carvalho Calero: A gente da Barreira / Scórpio</p> <p>A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.</p> |
| Bibliografía complementaria | Durante o curso proporcionarase máis bibliografía específica. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carme@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías